



RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

ANTECEDENTES

Resultando que en data 05/02/2018 a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor solicitou unha subvención ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora de empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, (DOG nº 8 do 8 de xaneiro de 2018), para o servizo "LIFEGUARD: SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DA MANCOMUNIDADE". No mesmo acto se solicitou a contratación anticipada dos traballadores segundo o disposto na citada Orde.

Resultando que en 12/02/2018 a Xefatura Territorial de Vigo- Servizo de Emprego e Economía Social autoriza a contratación anticipada no expediente de solicitude da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor de concesión da subvención para a obra o servizo <<Lifeguard: Servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidade>>.

Resultando que en data 11/04/2018 por Resolución da Presidencia aprobáronse as bases que rexe a contratación de 34 socorristas mediante contrato laboral temporal por obra o servizo de interese social durante o prazo de dous meses.

De conformidade coa base quinta estableceuse un prazo de cinco días hábiles para a presentación das solicitudes.

Resultando que con data 23 de maio de 2018 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 2 días para a emenda da documentación, prazo que rematou ás 14:00 horas do día 25 de maio de 2018.

Vista a notificación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de subvención para a contratación de 12 socorristas.

En virtude do exposto esta Presidencia, **RESOLVE**:

Primeiro. Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas:

ADMITIDAS

1. Adrio Rodríguez André.
2. Álvarez Gómez Iago.
3. Álvarez Martínez David.
4. Alves Yáñez Daniel
5. Buseses Suárez Cibrán.
6. Caldeiro Fernández Alexandre.
7. Chouza Jiménez Jesús Nicanor.
8. Comesaña Martínez Brais.
9. Deaño Álvarez Ruth.
10. Ferrete Ferreira Juan.
11. Figueroa Martínez Óscar.
12. Gallego Silva Cristián.
13. González Gil Borja.



14. González Pérez Marcos.
15. González Silva Adrián.
16. Patiño Vázquez Manoel.
17. Rial Pérez Pablo.
18. Ubeira Pérez José Antonio.

EXCLUÍDAS

1. Alonso Riveiro Manuel Antonio.
2. García Alonso Álvaro.
3. Mouzo Calzadilla Alexandre.
4. Tizón Valverde Lorena.
5. Villar Carballo Alba.

INADMITIDAS

1. Fiorina Rivera Fabrizioo.

Segundo. A realización das probas terá lugar o luns día 4 de xuño de 2018 da seguinte forma:

- As 09:30 h na praia da Barbeira (Baiona) realizarase a primeira proba.
- A segunda proba terá lugar as 11:00 h no Centro Ángel Vedriñana, na rúa Carabela A Pinta (Baiona).

As persoas aspirantes deberán vir provistas das súas propias aletas.

Terceiro.- Designar o Tribunal de Selección:

- Presidenta: Ana Llorca Maneiro, tesoureira da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.
- Vocais:
 - o José Manuel Vázquez Varela, xefe da Policía Local de Nigrán.
 - o José Antonio Rodríguez González, oficial da Policía Local de Gondomar.
 - o Javier Fernández López, técnico de deportes do Concello de Baiona.
- Secretario: Jose Manuel Pousa Rodríguez, funcionario do Concello de Baiona.

Cuarto.- Á vista da subvención concedida, deixar sen efecto a solicitude de ampliación da sondaxe á Oficina de Emprego de Baiona da oferta 12/2018/3945 para proceder á apertura dun novo procedemento libre coas prazas que queden vacantes.

Quinto. Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede da Mancomunidade do Val Miñor, sita na rúa Ventura Misa, nº 19, Baiona e na páxina web do Concello de Baiona (www.baiona.org).

Baiona, 30 de maio de 2018.


O PRESIDENTE,
Juan Francisco Ferreira González.

Dou fe
A SECRETARIA,
Susana Gallardo Farfina.

